Por este motivo, ó 31 de decembro de 2016 e 2015 a Universidade rexistrou un saldo por importe de (1.047.606,54) euros no epígrafe “Inmovilizado material – Outro Inmovilizado material”, así coma un saldo ao 31 de decembro de 2016 de (1.047.606,54) euros, no epígrafe de “Patrimonio xerado – Resultados de exercicios anteriores” do balance e de 1.047.606,54 euros ao 31 de decembro de 2015 no epígrafe “Amortización do inmovilizado” da conta do resultado económico-patrimonial”.

(9) Normas de recoñecemento e valoración

(a) Inmovilizado intanxible

As aplicacións informáticas valóranse polo seu custe de adquisición e amortízanse linealmente no prazo de 5 anos.

(b) Inmovilizado material

Os diferentes bens incluídos neste epígrafe figuran valorados con carácter xeral polo prezo de adquisición. O prezo de adquisición inclúe xunto co importe facturado polo vendedor os gastos adicionais que poidan producirse ata o momento en que o ben de que se trate se atope en condicións de funcionamento.

No caso de terreos e inmoables recibidos en cesión, a valoración destes elementos realízase empregando procedementos xeralmente aceptados.

No caso de bens procedentes de adquisicións lucrativas, estes valóranse polo valor venal do ben no momento da súa adquisición. Enténdese por valor venal dun ben o prezo que estaría disposto a pagar un adquirente eventual, tendo e supoñendo a continuidade da explotación do ben.

A amortización dos elementos de inmovilizado material realízase distribuindo o seu importe amortizable de forma sistemática ao longo da súa vida útil. A estes efectos enténdese por importe amortizable o custe de adquisición menos o seu valor residual. A Universidade determina o gasto de amortización de forma independente para cada compoñente que teña un custe significativo en relación ao custe total do elemento e unha vida útil distinta do resto do elemento.

A amortización dos elementos do inmovilizado material determínase mediante a aplicación dos criterios que se mencionan a continuación:

	Anos de vida útil
Construcións	99
Instalacións Técnicas	10
Maquinaria	8
Utensilios e moblaxe	10
Equipos e procesos de información	4
Elementos de transporte	7
Fondos Bibliográficos	10

As melloras en bens existentes que alongan a vida útil dos activos son capitalizadas. Os gastos de mantemento e conservación cárganse a resultados no momento en que se producen. As baixas e alleamentos reflíctense contablemente mediante a eliminación do custe do elemento e a amortización acumulada correspondente.

(c) Instrumentos financeiros

(i) Clasificación e separación de instrumentos financeiros

Os instrumentos financeiros clasifícanse no momento do seu recoñecemento inicial como un activo financeiro, un pasivo financeiro ou un instrumento de patrimonio, de conformidade co fondo económico do acordo contractual e coas definicións de activo financeiro, pasivo financeiro ou de instrumento de patrimonio.

A Universidade clasifica os instrumentos financeiros nas diferentes categorías atendendo ás características e ás intencións da Universidade no momento do seu recoñecemento inicial.

(ii) Empréstitos e partidas a cobrar

Os empréstitos e partidas a cobrar compóñense de créditos por operacións comerciais e créditos por operacións non comerciais con cobros fixos ou determinables que non cotizan nun mercado activo. Estes activos recoñécense inicialmente polo seu valor razoable, incluíndo os custes de transacción incorridos e valóranse posteriormente ao custe amortizado, utilizando o método do tipo de xuro efectivo.

Non obstante os activos financeiros que non teñan un tipo de xuro establecido, o importe venza ou, se espere recibir no curto prazo e o efecto de actualizar non sexa significativo, valóranse polo seu valor nominal.

A Universidade valora os empréstitos e partidas a cobrar ao custe amortizado, sempre que á vista das condicións contractuais poidan realizarse estimacións fiables dos fluxos de efectivo.

(iii) Investimentos en empresas do grupo, asociadas e multigrupo

Considéranse empresas do grupo, aquelas sobre as que a Universidade, directa ou indirectamente, a través de dependentes exerce control, segundo o previsto no artigo 42 do Código de comercio ou cando as empresas están controladas por calquera medio por unha ou varias persoas físicas ou xurídicas que actúen conxuntamente ou se achen baixo dirección única por acordos ou cláusulas estatutarias.

Os investimentos en empresas do grupo, asociadas e multigrupo recoñécense inicialmente ao custe, que equivale ao valor razoable da contraprestación entregada, incluíndo para os investimentos en asociadas e multigrupo os custes de transacción

incorridos valorándose posteriormente ao custe, menos o importe acumulado das correccións valorativas por deterioración.

(iv) Xuros e dividendos

Os xuros recoñécense polo método do tipo de xuro efectivo.

(v) Baixas de activos financeiros

Os activos financeiros danse de baixa contable cando os dereitos a recibir fluxos de efectivo relacionados cos mesmos venceron ou se transferiron e a Universidade traspasou substancialmente os riscos e beneficios derivados da súa titularidade.

A baixa dun activo financeiro na súa totalidade implica o recoñecemento de resultados pola diferenza existente entre o seu valor contable e a suma da contraprestación recibida, neta de gastos da transacción, incluíndose os activos obtidos ou pasivos asumidos e calquera perda ou ganancia diferida en ingresos e gastos recoñecidos en patrimonio neto.

(vi) Deterioración de valor de activos financeiros

Un activo financeiro ou grupo de activos financeiros está deteriorado e produciuse unha perda por deterioración, se existe evidencia obxectiva da deterioración como resultado dun ou máis eventos que ocorreron despois do recoñecemento inicial do activo e ese evento ou eventos causantes da perda teñen un impacto sobre os fluxos de efectivo futuros estimados do activo ou grupo de activos financeiros, que pode ser estimado con fiabilidade.

A Universidade segue o criterio de rexistrar as oportunas correccións valorativas por deterioración de empréstitos e partidas a cobrar e instrumentos de débeda, cando se produciu unha redución ou atraso nos fluxos de efectivo estimados futuros, motivados pola insolvencia do debedor.

(vii) Deterioración de valor de activos financeiros valorados a custe amortizado

O importe da perda por deterioración do valor de activos financeiros valorados a custe amortizado é a diferenza entre o valor contable do activo financeiro e o valor actual dos fluxos de efectivo futuros estimados, excluindo as perdas crediticias futuras nas que non se incorreu, descontados ao tipo de xuro efectivo orixinal do activo.

A perda por deterioración recoñécese con cargo a resultados e é reversible en exercicios posteriores, se a diminución pode ser obxectivamente relacionada cun evento posterior ao seu recoñecemento. Non obstante a reversión da perda ten como límite o custe amortizado que tivesen os activos, se non se rexistrou a perda por deterioración de valor.

(viii) Pasivos financeiros

Os pasivos financeiros, incluíndo acredores comerciais e outras contas a pagar, recoñécense inicialmente polo seu valor razoable, menos, no seu caso, os custes de transacción que son directamente atribuíbles a emisión dos mesmos. Con posterioridade ao recoñecemento inicial, os pasivos clasificados baixo esta categoría valóranse a custe amortizado utilizando o método do tipo de xuro efectivo.

Non entanto, os pasivos financeiros que non teñan un tipo de xuro establecido, o importe venza ou se espere recibir no curto prazo e o efecto de actualizar non sexa significativo, valóranse polo seu valor nominal.

(d) Imposto sobre o valor engadido

(i) Impostos soportados

O IVE soportado *deducible* non forma parte do prezo de adquisición dos bens e servizos obxecto das operacións gravadas polo imposto cando corresponda a aplicacións de gastos con clasificación funcional de 541A e 122B, e é obxecto de rexistro por parte da Universidade nunha rúbrica específica.

O IVE soportado *non deducible* forma parte do prezo de adquisición dos bens e servizos obxecto das operacións gravadas polo imposto.

A Universidade non altera as valoracións iniciais polas rectificacións no importe do IVE soportado non deducible que son consecuencia da regularización derivada da pro rata definitiva, incluída a regularización por bens de investimento. Tales rectificacións recoñécense como gasto ou ingreso, segundo proceda, no resultado do exercicio.

(ii) Impostos repercutidos

O IVE repercutido non forma parte do ingreso derivado das operacións gravadas polo devandito imposto ou do importe neto obtido no alleamento ou disposición por outra

vía no caso de baixa en contas de activos non correntes, e é obxecto de rexistro nunha rúbrica específica.

(e) Transferencias e subvencións

As transferencias e subvencións contabilízanse como ingresos e gastos recoñecidos en patrimonio neto cando existe un acordo individualizado da súa concesión e cumpriñonse as condicións asociadas ao seu goce e non existen dúbidas razoables sobre a recepción das mesmas.

Cando o cumprimento das condicións asociadas ao seu goce esténdese a varios exercicios, presúmese o mesmo, sempre que así sexa no momento da elaboración das contas anuais de cada un dos exercicios aos que afecte. Así mesmo, no caso de subvencións para a execución de obras, cando as condicións asociadas ao goce esixan a finalización das mesmas e a súa posta en condicións de funcionamento, e a execución realícese en varios exercicios, considérase non reintegrable a subvención en proporción á obra executada ata o momento da elaboración das contas anuais, sempre que non existan dúbidas razoables da terminación da mesma, tal e como se establece no correspondente acordo de concesión.

As transferencias impútanse a resultados no exercicio en que se recoñecen, e as subvencións recibidas impútanse a resultados de acordo cos criterios que se detallan a continuación:

- *Subvencións para financiar gastos:* Impútanse ao resultado do mesmo exercicio no que se devindiquen os gastos que están a financiar.
- *Subvencións para adquisición de activos:* Impútanse ao resultado de cada exercicio en proporción á vida útil do ben, aplicando o mesmo método que para a dotación a amortización dos citados elementos.

(f) Adscricións e outras cesións gratuítas de uso de bens e dereitos

Inclúense neste epígrafe aquelas operacións polas que se transfiren gratuitamente activos dunha entidade pública á Universidade para a súa utilización nun destino ou fin determinado, de forma que se os bens ou dereitos non se utilizan para a finalidade prevista deberían ser obxecto de reversión ou devolución á entidade que achega.

Estas operacións rexístranse e valóranse de acordo cos criterios establecidos na norma de recoñecemento e valoración “Transferencias e subvencións”.

Cando a adscrición ou cesión gratuíta do ben é por un período inferior a vida económica do mesmo, a Universidade rexistra un inmovilizado intanxible polo valor razoable do dereito de uso do ben cedido, mentres que, cando a adscrición ou cesión gratuíta é por un período indefinido ou similar á vida económica do ben recibido, a Universidade rexistra no seu activo o elemento recibido en función da súa natureza e polo valor razoable do mesmo na data da adscrición ou cesión.

(g) Efectivo e outros activos líquidos equivalentes

O efectivo e outros activos líquidos equivalentes inclúen o efectivo en caixa e os depósitos bancarios á vista en entidades de crédito.

(h) Ingresos por venda de bens e prestación de servizos

Os ingresos e gastos impútanse á conta do resultado económico patrimonial seguindo o criterio de devindicación, é dicir, en función da corrente real de bens e servizos que representan e con independencia do momento en que se produce a corrente monetaria ou financeira derivada does.

(i) Imposto sobre beneficios

De acordo co artigo 9 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, a Universidade é unha entidade exenta.

(j) Clasificación de activos e pasivos entre corrente e non corrente

A Universidade presenta o balance de situación clasificando activos e pasivos entre correntes e non correntes. A estes efectos son activos ou pasivos correntes aqueles que cumpran os seguintes criterios:

- Os *activos* clasifícanse como correntes cando se espera realízalos ou se pretende vendelos ou consumilos no transcurso do ciclo normal da explotación da Universidade ou se espera realízalos dentro do período dos 12 meses posteriores á data de peche ou se trata de efectivo ou outros activos líquidos equivalentes.
- Os *pasivos* clasifícanse como correntes cando se espera liquidalos no ciclo normal da explotación da Universidade, téndose que liquidar dentro do período de 12 meses dende a data de peche, ou, a Universidade non ten o dereito incondicional para aprazar a cancelación dos pasivos durante os 12 seguintes meses á data de peche.

(k) Principios contables aplicados no Estado de Liquidación do Orzamento

(i) Recoñecemento de dereitos e obrigas

Os dereitos e obrigas rexístranse contablemente no momento en que uns e outros son esixibles xuridicamente, independentemente do momento do cobro ou do pagamento. Os aspectos máis significativos na aplicación deste criterio son os seguintes:

➤ INGRESOS

(a) Prezos públicos

Os prezos públicos e taxas académicas do curso lectivo recoñécense como dereitos cando o alumno se matricula, independentemente de que os cobros se realicen no exercicio ou nun posterior, ben por adiamento, prórrogas ou resolucións de recursos. As compensacións do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte en concepto de bolsas liquídanse ao peche do exercicio cunha estimación das bolsas solicitadas.

(b) Prestación de servizos

As prestacións de servizos recoñécense como ingresos no momento en que a prestación do servizo foi facturada. Os saldos pendentes de cobro preséntanse netos dos saldos de dubidoso cobro. Os ingresos percibidos por prestacións de servizos que están destinados a cubrir determinados conceptos orzamentarios, de investimento ou gasto, aínda non realizados, preséntanse como remanente de tesouraría afectado.

(c) Transferencias correntes

As transferencias correntes son aquelas que recibe a Universidade, principalmente da Xunta de Galicia, cuxo destino, xeralmente, é atender aos gastos ordinarios de funcionamento. Recoñécense como ingresos cando efectivamente cóbranse ou cando se ten coñecemento da obrigación por parte do terceiro.

(d) Transferencias de capital

Estas transferencias rexístranse como ingresos cando efectivamente se cobran ou cando se ten coñecemento da obriga por parte do terceiro. As transferencias contabilizadas, pendentes de aplicar aos investimentos para as cales foron concedidas, figuran na conta de remanente de tesouraría afectado.

➤ GASTOS

(a) Gastos de persoal

Rexístranse as retribucións a satisfacer pola Universidade a todo o seu persoal, así como as cotizacións obrigatorias e os gastos derivados do cumprimento dos plans de acción social.

(b) Transferencias correntes

Inclúense as efectuadas pola Universidade. Recoñécense cando se outorgan aos perceptores.

(c) Investimentos reais

No capítulo de investimentos reais, dentro do estado de liquidación do orzamento, inclúense os investimentos en inmovilizado material e intanxible, excepto os investimentos en bens cuxa contía é escasa, que se inclúen en gastos correntes de bens e servizos.

(ii) Remanente de tesouraría

Preséntase como remanente de tesouraría afectado os ingresos liquidados e non gastados á data de peche do exercicio pero que están destinados ao financiamento dun proxecto concreto de investimento ou gasto (Incorporacións).

Obtense pola diferenza entre os dereitos recoñecidos netos pendentes de cobro, os fondos líquidos ou dispoñibles e as obrigas certas recoñecidas netas e pendentes de pagamento. Estes dereitos e obrigas poden ter a súa orixe tanto en operacións orzamentarias como non orzamentarias.

Considérase remanente de tesouraría afectado (incorporacións) as desviacións de financiamento positivas acumuladas, as cales só poderán utilizarse para dar cobertura aos gastos a cuxa financiamento se atopan afectados os recursos dos que se derivan tales desviacións.

A diferenza entre o remanente total e o remanente afectado corresponde a recursos de libre disposición para o financiamento de calquera tipo de gasto e denomínase remanente de tesouraría non afectado (SEC 95).

O remanente de tesouraría total existente ao comezo do exercicio, incorpórase ao orzamento definitivo de ingresos vía modificacións orzamentarias e baixo o capítulo de activos financeiros.

(iii) Saldo orzamentario

Recoñécese como tal a diferenza entre a totalidade de ingresos e gastos liquidados.

(iv) Activos financeiros

Impútanse fundamentalmente nestes capítulos de ingresos e gastos o importe dos reembolsos e desembolsos, respectivamente, de empréstitos concedidos ao persoal.

(v) Pasivos financeiros

Impútase ao capítulo de pasivos financeiros do orzamento de ingresos, o importe dos empréstitos recibidos durante o exercicio e, ao de gastos, as amortizacións efectuadas, así como os anticipos reintegrables.

(10) Inmobilizado intanxible

As aplicacións informáticas rexistradas teñen un valor neto contable de 576,56 euros con data do 31 de decembro de 2016, existindo elementos do inmovilizado intanxible totalmente amortizados por un importe de 396.647,11 euros con data do 31 de decembro de 2016.

(11) Inmobilizado material

A composición e os movementos habidos nas contas incluídas no inmovilizado material durante o exercicio foron as que se reflicten no Cadro I.

O detalle de elementos incluídos no epígrafe “Inmovilizado material” do balance de situación con data do 31 de decembro de 2016 que se atopan totalmente amortizados e en uso, segundo se amosa no Cadro II.

O detalle dos inmoables recibidos en adscripción, os cales encóntranse incluídos no epígrafe “Inmovilizado material” do balance de situación con data 31 de decembro de 2016, amósase no cadro III.

(12) Activos financeiros

(a) Clasificación dos activos financeiros por categorías

Coa excepción das participacións en empresas do grupo, multigrupo e asociadas, todos os activos financeiros pertencen á categoría de empréstitos e partidas a cobrar e valóranse a custe, que é representativo do seu valor razoable.

(b) Investimentos financeiros en entidades do grupo, multigrupo e asociadas

As empresas participadas e a información relacionada coas mesmas con data do 31 de decembro de 2016 son as que figuran na nota 4 “entidades participadas”.

O de talle e movemento das correccións valorativas por deterioro durante o exercicio de 2016 é o seguinte:

Saldo a 1 de xaneiro de.....422.873,75

Diminución de valor por deterioro de activo..... 21.799,00

Saldo a 31 de decembro.....401.074,75

O deterioro que se produciu no exercicio de 2016, por importe de 21.799,00 euros, correspóndese co deterioro da participación en Parques Tecnolóxicos da UDC, S.L.

Durante o exercicio de 2016 non se produciron altas no custe de ditos activos por adquisición de novas participacións.

CADRO I

UNIVERSIDADE DA CORUÑA	
INFORME DE AUDITORIA	

Ejercicio:	2016	
Agrupado por:	CUENTA	
Elementos:	Todos los Elementos	
Edificios:	Todos los Edificios	
Fincas:	Todas las Fincas	

BIENES AMORTIZABLES Y NO AMORTIZABLES

CUENTA	DESCRIPCIÓN	SALDO 31/12 EJE. ANT.	AMORT. ACUM 31/12 EJE. ANT.	AMORT. AC. BAJAS EJE. ANT.	ALTAS DEL EJERCICIO	AMORTIZ. EJERCICIO	% AMORTIZ. REALIZADO	AMORT. ACUMULADA 31/12	BAJAS DEL EJERCICIO	AMORT. AC. BAJAS EJERCICIO	REINCORP.	AMORT. AC. REINCORP.	VNC. EJERC. ACTUAL	SALDO 31/12	NO AMORT.	DIFER. CAMIO ESTADO
2.0.1	Inversión en desarrollo	0,00	0,00	0,00	39.139,98	0,00	0%	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	39.139,98	39.139,98	0,00	0,00
2.0.6	Aplicaciones informáticas.	420.300,85	382.971,82	0,00	0,00	36.752,47	25%	419.724,29	0,00	0,00	0,00	0,00	576,56	420.300,85	0,00	0,00
2.1.0	Terrenos y bienes naturales	218.055,09	0,00	0,00	0,00	0,00	0%	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	218.055,09	218.055,09	0,00	0,00
2.1.1	Construcciones.	145.954.735,65	39.842.879,00	0,00	1.656.789,12	644.475,39	1%	40.487.354,39	0,00	0,00	0,00	0,00	107.124.170,38	147.611.524,77	0,00	0,00
2.1.4	Maquinaria y utillaje.	4.540.645,73	4.275.857,01	0,00	0,00	99.309,07	13%	4.375.166,08	0,00	0,00	0,00	0,00	165.479,65	4.540.645,73	0,00	0,00
2.1.5	Instalaciones técnicas y otras instalaciones.	2.441.816,38	1.431.367,21	0,00	165.568,95	137.348,85	10%	1.568.716,06	0,00	0,00	0,00	0,00	1.038.669,27	2.607.385,33	0,00	0,00
2.1.6	Mobiliario.	79.476.123,72	68.723.637,74	79.080,13	1.661.111,58	2.432.667,50	10%	70.953.020,82	225.660,63	203.284,42	0,00	0,00	9.958.553,85	80.911.574,67	22.376,21	0,00
2.1.7	Equipos para procesos de información.	21.385.542,91	19.281.926,54	234.782,39	813.620,35	1.162.658,91	25%	20.205.827,61	239.049,32	238.757,84	0,00	0,00	1.754.286,33	21.960.113,94	291,48	0,00
2.1.8	Elementos de transporte.	636.309,53	425.371,23	1.203,10	0,00	25.893,03	14%	450.363,26	901,00	901,00	0,00	0,00	185.045,27	635.408,53	0,00	0,00
2.1.9	Fondos bibliográficos	8.793.416,00	3.351.828,77	0,00	427.336,65	1.721.866,03	10%	5.073.694,80	0,00	0,00	0,00	0,00	4.147.057,85	9.220.752,65	0,00	0,00
	TOTAL	263.866.945,86	137.715.839,32	315.065,62	4.763.566,63	6.260.971,25		143.533.867,31	465.610,95	442.943,26	0,00	0,00	124.631.034,23	268.164.901,54	22.667,69	0,00

CADRO II

UNIVERSIDADE DA CORUÑA**Elementos totalmente amortizados**

CUENTA	DESCRIPCIÓN	SALDO 31/12/2016
2.0.6	Aplicaciones informáticas.	396.647,11
2.1.1	Construcciones.	5.650.118,00
2.1.4	Maquinaria y utillaje.	36.172,99
2.1.5	Instalaciones técnicas y otras instalaciones.	516.357,25
2.1.6	Mobiliario.	12.567.710,17
2.1.7	Equipos para procesos de información.	8.219.458,88
2.1.8	Elementos de transporte.	153.878,96
Total		27.540.343,36

CADRO III

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Bienes adscritos

Nº inventario	Descrición	Valor Inicial	Amortizacion Acumulada	VNC
1	Reitoría	5.328.938,50	1.236.820,60	4.092.117,90
2	Aula Náutica	482.594,80	224.024,20	258.570,60
3	Fac. de Ciencias	4.598.237,35	1.515.457,24	3.082.780,11
4	Fac. de Filoloxía	2.353.239,00	641.317,03	1.711.921,97
5	ETS de Arquitectura	3.045.111,81	1.125.291,75	1.919.820,06
6	Edificio departamento da ETSA	1.802.435,00	600.447,48	1.201.987,52
7	EU de Arquitectura Técnica	5.578.969,63	2.182.040,96	3.396.928,67
8	Casa do Francés	327.215,00	75.953,50	251.261,50
10	Fac. de Dereito	5.837.772,55	1.159.989,25	4.677.783,30
11	Fac. de Informática	6.288.538,16	1.521.910,49	4.766.627,67
12	Fac. de Socioloxía	5.064.535,75	969.636,54	4.094.899,21
13	Fac. de Economía e Empresa	8.623.946,32	1.301.825,88	7.322.120,44
14	ETS de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos	6.021.502,42	1.458.393,73	4.563.108,69
15	Centro de Innovación en Edificación e Enxeñería C	3.161.338,14	503.919,87	2.657.418,27
16	Pavillón de Estudantes	935.356,67	188.668,63	746.688,04
17	Casa do Lagar	250.332,75	181.781,15	68.551,60
18	Pavillón de Deportes	1.241.422,75	250.481,92	990.940,83
19	Estadio Universitario	1.741.647,00	351.495,96	1.390.151,04
21	Fac. de Ciencias da Educación	6.853.579,58	1.520.548,21	5.333.031,37
25	ETS de Náutica e Máquinas	1.129.645,24	686.930,21	442.715,03
26	ETS de Náutica e Máquinas - Edificio Malvinas	732.340,00	50.579,78	681.760,22
27	Centro Universitario de Riazor	1.504.047,67	1.123.700,45	380.347,22
28	Normal	2.405.828,22	1.765.034,58	640.793,64
29	C.U. CIENCIAS DA SAÚDE - Fac. de Fisioterapia	3.412.547,00	378.482,47	3.034.064,53
30	EDIFICIO O FORTÍN - I.U. C. SAÚDE	486.609,00	461.934,47	24.674,53
31	Pavillón Modernista	194.514,00	33.362,13	161.151,87
32	Facultade de Ciencias da Saúde	957.255,14	77.009,08	880.246,06
34	Facultade de Humanidades e Documentación	1.966.958,00	1.966.958,00	0,00
35	Escola Politécnica Superior	2.506.704,49	1.809.466,86	697.237,63
36	Fac. de Enfermaría e Podoloxía	1.532.902,30	1.190.771,04	342.131,26
37	Fac. Ciencias do Traballo	590.957,67	322.047,46	268.910,21
38	EU de Deseño Industrial	2.432.411,00	2.432.411,00	0,00
39	Centro de Investigacións Tecnolóxicas	2.082.689,00	2.040.193,72	42.495,28
40	Casa do Patín	1.679.243,34	338.783,71	1.340.459,63
41	Talleres Tecnolóxicos	1.703.440,31	274.495,37	1.428.944,94
43	Salón de Actos	1.032.487,00	1.032.487,00	0,00
46	Centro de Investigacións Tecnolóxicas 2	218.262,00	218.262,00	0,00
47	Escola Universitaria Politécnica	4.675.900,09	2.122.175,54	2.553.724,55
48	Pazo de Lóngora	1.381.621,00	236.968,97	1.144.652,03
49	INEFG-PAZO	500.000,00	141.313,14	358.686,86
50	INEFG-AULAS E SERVIZOS	5.011.914,06	1.413.211,66	3.598.702,40
51	INEFG-PISCINA	2.002.044,90	565.256,28	1.436.788,62
52	INEFG-SALA MUSCULACIÓN	173.589,86	11.743,56	161.846,30
58	Residencia Universitaria Pública de Estudantes	506.498,72	17.775,37	488.723,35

CADRO IV

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

PRESUPUESTO DE GASTOS
INFORME PERSONALIZADO EN PLURIANUALES
DETALLADO POR VARIAS CLASIFICACIONES
2016

CLASIFICACIONES	AÑO	AUTORIZACIONES	COMPROMISOS
1000 422D 162.14	2017	49.750,00	34.985,60
10000400 422D 209.00	2017	80.787,26	80.787,26
1000 422D 222.00	2017	299.813,80	199.988,80
0900 422D 222.01	2017	2.662,81	2.662,81
1000 422D 222.01	2017	44.294,85	44.294,85
6100 300C 222.01	2017	1.468,47	1.468,47
6120 300C 222.01	2017	2.502,33	2.502,33
6130 300C 222.01	2017	615,16	615,16
6140 300C 222.01	2017	2.142,65	2.142,65
6150 300C 222.01	2017	914,52	914,52
61501270 541A 222.01	2017	188,41	188,41
6160 300C 222.01	2017	605,53	605,53
6170 300C 222.01	2017	1.518,47	1.518,47
6200 300C 222.01	2017	1.943,72	1.943,72
6300 300C 222.01	2017	1.267,47	1.267,47
6310 300C 222.01	2017	1.215,94	1.215,94
6320 300C 222.01	2017	2.745,89	2.745,89
6510 300C 222.01	2017	885,56	885,56
6520 300C 222.01	2017	1.495,68	1.495,68
6530 300C 222.01	2017	1.056,88	1.056,88
6700 300C 222.01	2017	1.657,18	1.657,18
7100 300C 222.01	2017	302,26	302,26
7300 300C 222.01	2017	1.905,28	1.905,28
7500 300C 222.01	2017	258,59	258,59
7600 300C 222.01	2017	348,58	348,58
7700 300C 222.01	2017	912,56	912,56
7710 300C 222.01	2017	139,66	139,66
1000 422D 227.00	2017	437.411,14	437.411,14
1000E001 422D 227.00	2017	78.074,04	78.074,04
1000E002 422D 227.00	2017	4.599,21	4.599,21
1000E003 422D 227.00	2017	121.114,21	121.114,21
1000E004 422D 227.00	2017	92.080,68	92.080,68
1000E005 422D 227.00	2017	108.291,37	108.291,37
1000E006 422D 227.00	2017	25.469,29	25.469,29
1000E007 422D 227.00	2017	106.793,39	106.793,39
1000E009 422D 227.00	2017	5.056,23	5.056,23
1000E010 422D 227.00	2017	110.572,53	110.572,53
1000E012 422D 227.00	2017	100.412,82	100.412,82
1000E013 422D 227.00	2017	134.472,08	134.472,08
1000E014 422D 227.00	2017	122.756,92	122.756,92
1000E015 422D 227.00	2017	31.384,98	31.384,98
1000E018 422D 227.00	2017	17.477,85	17.477,85
1000E019 422D 227.00	2017	37.843,96	37.843,96
1000E022 422D 227.00	2017	76.424,97	76.424,97
1000E029 422D 227.00	2017	63.329,06	63.329,06
1000E030 422D 227.00	2017	10.794,73	10.794,73
1000E031 422D 227.00	2017	6.476,84	6.476,84
1000E032 422D 227.00	2017	14.392,97	14.392,97
1000E034 422D 227.00	2017	43.574,60	43.574,60

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

PRESUPUESTO DE GASTOS
INFORME PERSONALIZADO EN PLURIANUALES
DETALLADO POR VARIAS CLASIFICACIONES
2016

CLASIFICACIONES	AÑO	AUTORIZACIONES	COMPROMISOS
1000E035 422D 227.00	2017	45.987,87	45.987,87
1000E036 422D 227.00	2017	92.052,57	92.052,57
1000E037 422D 227.00	2017	35.686,08	35.686,08
1000E038 422D 227.00	2017	32.348,14	32.348,14
1000E039 422D 227.00	2017	14.378,43	14.378,43
1000E040 422D 227.00	2017	22.538,58	22.538,58
1000E041 422D 227.00	2017	14.904,78	14.904,78
1000E042 422D 227.00	2017	11.269,29	11.269,29
1000E043 422D 227.00	2017	15.025,72	15.025,72
1000E044 422D 227.00	2017	18.782,14	18.782,14
1000E045 422D 227.00	2017	57.097,72	57.097,72
1000E046 422D 227.00	2017	2.271,17	2.271,17
1000E047 422D 227.00	2017	77.689,26	77.689,26
1000E049 422D 227.00	2017	15.588,27	15.588,27
1000E050 422D 227.00	2017	47.815,27	47.815,27
1000E051 422D 227.00	2017	30.492,76	30.492,76
1000E052 422D 227.00	2017	5.202,70	5.202,70
1000E053 422D 227.00	2017	31.901,97	31.901,97
1000E054 422D 227.00	2017	2.788,77	2.788,77
1000E055 422D 227.00	2017	4.183,15	4.183,15
1000E057 422D 227.00	2017	17.843,04	17.843,04
1000E059 422D 227.00	2017	75.243,85	75.243,85
0900490017 422D 227.06	2017	6.378,00	6.378,00
1000 422D 227.06	2017	14.904,52	14.904,52
1000 422D 227.07.12	2017	9.149,18	9.149,18
1000 422D 227.07.14	2017	25.410,00	0
1000 422D 227.07.15	2017	21.780,00	21.780,00
05000502 122B 227.07.16	2017	4.076,97	4.076,97
1000 422D 227.07.16	2017	240.899,31	240.899,31
10000400 422D 227.07.16	2017	25.319,25	25.319,25
1000 422D 227.07.19	2017	3.267,00	3.267,00
1000 541A 227.07.24	2017	106.433,01	106.433,01
10000400 422D 227.10.01	2017	40.000,00	40.000,00
0800080018 422D 227.99	2017	5.985,00	5.985,00
0500 541A 449.05	2017	2.700,00	2.700,00
1000100003 422D 480.00	2017	5.000,00	3.299,95
0300030025 422D 480.03	2017	66.600,00	0
0300030026 422D 480.03	2017	162.976,00	162.976,00
0300030031 422D 480.03	2017	165.611,52	138.440,88
0300030033 422D 480.03	2017	15.000,00	0
0800081318 422D 480.03	2017	135.800,00	104.560,00
0800081320 422D 480.03	2017	10.500,00	8.580,00
0800081335 422D 480.03	2017	9.616,00	5.220,00
0300 422D 480.05	2017	62.500,00	0
0800081319 422D 481.00	2017	14.685,00	7.295,00
0800081319 422D 482.00	2017	5.855,00	2.655,00
0500 541A 628.02	2017	244.094,81	7.106,81
0500440003 541A 640.00	2017	306.346,32	306.346,32
0900440097 541A 640.00.00	2017	72.034,29	72.034,29
6320440014 541A 640.00.00	2017	23.861,23	23.861,23

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

PRESUPUESTO DE GASTOS
INFORME PERSONALIZADO EN PLURIANUALES
DETALLADO POR VARIAS CLASIFICACIONES
2016

CLASIFICACIONES	AÑO	AUTORIZACIONES	COMPROMISOS
6320460007 422D 640.00.00	2017	14.236,26	14.236,26
0900440097 422D 640.00.04	2017	35.940,00	35.940,00
0500050005 541A 640.01	2017	54.497,57	54.497,57
0500050006 541A 640.01	2017	4.836,70	4.836,70
0500050011 541A 640.01	2017	19.815,00	19.815,00
0500050013 541A 640.01	2017	7.189,92	7.189,92
0500050015 541A 640.01	2017	57.008,82	57.008,82
0500050017 541A 640.01	2017	37.426,28	37.426,28
0500050018 541A 640.01	2017	126.570,34	126.570,34
0500050023 541A 640.01	2017	41.743,68	41.743,68
0500050024 541A 640.01	2017	24.419,59	24.419,59
0500050025 541A 640.01	2017	53.198,30	53.198,30
0500050027 541A 640.01	2017	97.367,89	97.367,89
0500050028 541A 640.01	2017	47.853,24	47.853,24
0500050029 541A 640.01	2017	98.273,12	98.273,12
0500050030 541A 640.01	2017	107.689,24	107.689,24
0500050031 541A 640.01	2017	31.428,12	31.428,12
0500050035 541A 640.01	2017	191.920,95	191.920,95
0500050036 541A 640.01	2017	221.006,88	221.006,88
0500050110 541A 640.01	2017	5.225,03	5.225,03
0500050118 541A 640.01	2017	55.831,15	55.831,15
0500510001 541A 640.01	2017	112.993,91	112.993,91
0500510002 541A 640.01	2017	39.127,19	39.127,19
0500210540 541A 649.02.00	2017	1.812,79	1.812,79
0500210542 541A 649.02.00	2017	2.254,96	2.254,96
0515240001 541A 649.02.00	2017	21.497,05	21.497,05
0515270001 541A 649.02.00	2017	108.870,24	108.870,24
6100210514 541A 649.02.00	2017	10.489,32	10.489,32
6100210525 541A 649.02.00	2017	7.061,28	7.061,28
6100210543 541A 649.02.00	2017	1.078,82	1.078,82
6100210547 541A 649.02.00	2017	3.615,58	3.615,58
6100210551 541A 649.02.00	2017	2.106,52	2.106,52
6100242404 541A 649.02.00	2017	8.345,96	8.345,96
6100242405 541A 649.02.00	2017	10.611,71	10.611,71
6100242414 541A 649.02.00	2017	6.607,53	6.607,53
6120242601 541A 649.02.00	2017	8.348,49	8.348,49
6130242505 541A 649.02.00	2017	11.381,53	11.381,53
6140210521 541A 649.02.00	2017	14.462,32	14.462,32
6140210533 541A 649.02.00	2017	2.124,11	2.124,11
6140242406 541A 649.02.00	2017	21.891,24	21.891,24
6140242408 541A 649.02.00	2017	8.331,03	8.331,03
6140242412 541A 649.02.00	2017	37.655,22	37.655,22
6150242411 541A 649.02.00	2017	8.313,60	8.313,60
6170242402 541A 649.02.00	2017	2.993,88	2.993,88
6200210522 541A 649.02.00	2017	39.194,81	39.194,81
6320210516 541A 649.02.00	2017	6.764,15	6.764,15
6320210535 541A 649.02.00	2017	1.807,79	1.807,79
6520242401 541A 649.02.00	2017	6.295,09	6.295,09
7700242407 541A 649.02.00	2017	37.216,26	37.216,26
0515240001 541A 649.02.04	2017	10.083,89	10.083,89
0515240001 541A 649.02.06	2017	2.153,80	2.153,80
TOTAL		6.619.045,47	6.018.787,58

(c) Investimentos financeiros

O detalle dos investimentos financeiros, con data do 31 de decembro de 2016, segundo figura no Balance ascende a longo prazo a 401.074,75 euros.

(d) Debedores comerciais e outras contas a cobrar

O detalle de debedores comerciais e outras contas a cobrar, con data do 31 de decembro de 2016 e 2015 segundo Balance é como segue:

	Euros	Euros
	Corrente	Corrente
	2016	2015
Debedores por xestión	13.205.040,96	13.681.214,00
Outros debedores		
Administracións Públicas	3.894.238,19	4.784.923,43
Outras contas a cobrar	516.454,14	755.054,75
Total	17.615.733,29	19.221.192,18

(13) Tesouraría

Este epígrafe do balance de situación recolle os saldos mantidos á data de peche en contas correntes bancarias. O saldo a 31 de decembro de 2016 ascende a 4.432.400,45 euros.

(14) Pasivos financeiros

(a) Pasivos Financeiros por Categorías

Todos os pasivos financeiros pertencen á categoría de débitos e partidas a pagar e valóranse a custe ou custe amortizado.

O detalle das débedas financeiras, con data do 31 de decembro de 2016, a longo prazo é de 1.562.796,48 euros e a curto prazo 980.189,76 euros (Total 2.542.986,24 euros).

(i) Anticipos reembolsables

Neste epígrafe rexístranse os anticipos reembolsables recibidos pola Universidade en concepto de axudas á investigación. A desagregación dos importes que compoñen o saldo ao peche do exercicio 2016, clasificado por ano de vencemento, é o seguinte:

Descrición	Euros				
	Ano de vencemento				
	2017	2018	2019	2020	2021 e seguintes
Total anticipos	455.736,16	442.462,29	429.575,04	323.906,71	416.925,89

(ii) Avais

Con data do 31 decembro de 2016 a Universidade mantén os seguintes avais prestados por entidades de crédito, para garantir anticipos reembolsables e asuntos xudiciais:

Descrición	Nominal- euros	Vencemento
Banco Santander	1.875.222,00	Ata 2021
ABANCA	5.119.068,00	Ata 2021
Total	6.994.290,00	

(15) Acredores e outras contas a pagar

O detalle de acredores e outras contas a pagar, con data do 31 de decembro de 2016, segundo Balance, importa un total de 10.752.545,52 euros.

(16) Provisións e continxencias

Con data do 31 de decembro de 2016 a Universidade no ten recoñecidas provisións.

Durante o exercicio 2016 o saldo recollido ao 31 de decembro de 2015, por importe de 1.554.325,39 euros, foi aplicado con motivo da devolución da paga extra da ano 2012 aos empregados públicos, recollido na disposición adicional decimocuarta da Lei 12/2015, de 24 de decembro.

(17) Gastos Plurianuales

Achégase como información complementaria no Cadro IV, o resumo por varias clasificacións dos compromisos plurianuais adquiridos no exercicio 2016

(18) Indicadores financeiros, patrimoniais e orzamentarios

1. INDICADORES FINANCEIROS E PATRIMONIAIS

- Liquidez inmediata

$$\frac{\text{Fondos líquidos}}{\text{Pasivo corrente}} = 0,2364$$

- Liquidez a curto prazo

$$\frac{\text{Fondos líquidos + Dereitos pdtes.}}{\text{Pasivo Corrente}} = 1,0828$$

- Liquidez xeral

$$\frac{\text{Activo Corrente}}{\text{Pasivo Corrente}} = 1,0802$$

- Endebedamento por alumno

$$\frac{\text{Pasivo Corrente + Pasivo non Corrente}}{\text{Núm. Alumnos}} = 1.269,9455$$

- Endebedamento

$$\frac{\text{Pasivo Corrente} + \text{Pasivo non Corrente}}{\text{Pasivo Corrente} + \text{Pasivo non Corrente} + \text{Patrimonio Neto}} = 0,1574$$

- Relación de endebedamento

$$\frac{\text{Pasivo Corrente}}{\text{Pasivo non Corrente}} = 4,1498$$

- Ratios da conta de resultados económico-patrimonial.

i. Estrutura dos ingresos

Ingresos de xestión ordinaria (IGOR)			
Ing. Trib / IGOR	Tranfs/IGOR	VN e PS/IGOR	Resto IGOR/IGOR
0,0038	0,8744	0,1170	0,0047

ii. Estrutura dos gastos

Gastos de xestión ordinaria (IGOR)			
G. Pers. / GGOR	Tranfs/GGOR	Apro/GGOR	Resto GGOR/GGOR
0,8101	0,0256	0,0000	0,1641

iii. Cobertura dos gastos correntes

$$\frac{\text{Gastos de xestión ordinaria}}{\text{Ingresos de xestión ordinaria}} = 0,8830$$

iv: Cash-flow

$$\frac{\text{Pasivo non corrente}}{\text{Fluxos netos de xestión}} + \frac{\text{Pasivo Corrente}}{\text{Fluxos netos de xestión}} = 1,6075$$

2. INDICADORES ORZAMENTARIOS:

a) Do orzamento de gastos correntes:

- Execución do orzamento de gastos

$$\frac{\text{Obrigas recoñecidas netas}}{\text{Créditos totais}} = 0,9029$$

- Execución do orzamento de gastos correntes

$$\frac{\text{Obrigas recoñecidas netas correntes}}{\text{Créditos totais por operacións correntes}} = 0,9403$$

- Realización dos pagamentos

$$\frac{\text{Pagamentos realizados}}{\text{Obrigas recoñecidas netas}} = 0,9789$$

- Realización dos pagamentos excluídos capítulo I

$$\frac{\text{Pagamentos realizados} - \text{Pagamentos realizados capítulo I}}{\text{Obrigas Recoñecidas Netas} - \text{Obrigas Rec. Netas Cap. I}} = 0,9545$$

- Gastos por alumno

$$\frac{\text{Obrigas recoñecidas netas}}{\text{Número Medio de estudantes}} = 6.793,1373$$

- Inversión por alumno

$$\frac{\text{Obrigas recoñecidas netas (capítulos 6 +7)}}{\text{Número Medio de estudantes}} = 921,5652$$

- Esforzo inversor:

$$\frac{\text{Obrigas recoñecidas netas (capítulos 6 +7)}}{\text{Total obrigas recoñecidas netas}} = 0,1356$$

- Período medio de pago

$$\frac{\text{Obrigas pendentes de pago x 365}}{\text{Obrigas recoñecidas netas}} = 7,6920$$

b) Do orzamento de ingresos correntes:

- Execución do orzamento de ingresos

$$\frac{\text{Dereitos recoñecidos netos}}{\text{Previsións Definitivas}} = 0,9841$$

-

- Execución do orzamento de ingresos correntes

$$\frac{\text{Dereitos recoñecidos netos correntes}}{\text{Previsións Definitivas por operacións correntes}} = 0,9957$$

- Realización dos cobros

$$\frac{\text{Recadación Neta}}{\text{Dereitos recoñecidos netos}} = 0,9113$$

- Realización dos cobros excluídos procedentes da Comunidade Autónoma

$$\frac{\text{Recadación Neta total- Recadación neta CCAA}}{\text{Dereitos Recoñecidos Netos - Dereitos Recoñecidos Netos das CCAA}} = 0,7465$$

- Realización dos cobros excluídos dos procedentes do Estado

$$\frac{\text{Recadación Neta total- Recadación neta Estado}}{\text{Dereitos Recoñecidos Netos - Dereitos Recoñecidos Netos do Estado}} = 0,9119$$

- Período medio de cobro

$$\frac{\text{Dereitos pendentes de cobro x 365}}{\text{Dereitos recoñecidos netos}} = 41,9849$$

- Superávit (ou déficit) por alumno.

$$\frac{\text{Resultado orzamentario axustado}}{\text{Número Medio de estudantes}} = -62,8109$$

c) De orzamentos cerrados:

- Realización de pagamentos

$$\frac{\text{Pagamentos}}{\text{Saldo inicial de obrigas (+/- modificacións e anulacións)}} = 0,8839$$

- Realización de cobros

$$\frac{\text{Cobros}}{\text{Saldo inicial de dereitos (+/- modificacións e anulacións)}} = 0,8119$$

d) De modificacións orzamentarias:

- Índice de modificación do orzamento

$$\frac{\text{Total modificacións orzamentarias}}{\text{Orzamento Inicial}} = 0,1849$$

e) Estructurado orzamento de gastos:

- Porcentaxe de gasto corrente

$$\frac{\text{Obrigas Recoñecidas Netas por operacións correntes}}{\text{Obrigas Recoñecidas Netas Totais}} = 0,8585$$

- Porcentaxe de gasto non corrente

$$\frac{\text{Obrigas Recoñecidas Netas por operacións non correntes}}{\text{Obrigas Recoñecidas Netas Totais}} = 0,1416$$

Nota.- Na Memoria/Informe de Xestión que rende o Sr. Reitor ao Claustro Universitario, correspondente ao exercicio de 2016, atópanse detalladas as cifras e indicadores da UDC referidas ao devandito exercicio.

(www.udc.gal/cifras/memoria_xestion/index.htm)



ACLARACIÓNS SOBRE ASUNTOS PUNTUAIS

REVISIÓNS IVE 2012-2015

Por discrepancias na interpretación do gasto referido á investigación (básica e aplicada) entre as Universidades e a Axencia Tributaria, actualmente estanse a tramitar reclamacións económico-administrativas en concepto de IVE deducible por actividades de investigación.

Con data 10 de outubro de 2016 prodúcese o cobro do IVE dos anos 2004 a 2010 consecuencia da sentenza de Audiencia Nacional de 18/02/2016 favorable á UDC; estes ingresos acadan a contía de 3.012.390,27 €.

De acordo co artigo 9 da Lei do imposto sobre sociedades, a Universidade é unha entidade exenta.

Actualmente a Universidade está ao día no cumprimento de obrigas tributarias e Seguridade Social.

De acordo á normativa fiscal vixente, a Universidade pode ser inspeccionada dos catro últimos exercicios para todos os impostos aos que está suxeita.

Outra información complementaria á Memoria das contas UDC 2016

En relación cos gastos con financiamento afectado, actualmente estase coa súa implantación dentro do sistema Universitas XXI – EC. Para este exercicio a Universidade conseguiu obter unha listaxe das desviacións de financiación xeradas no exercicio 2016.

En relación co custo por actividades e indicadores de xestión, indicar que é unha información correspondente á contabilidade analítica ou de costes e que actualmente está en fase de personalización, corresponde ao exercicio 2016.

Doutra banda, a Universidade comezou neste exercicio 2016 co proceso de asignación de valor dos inmobles recibidos en adscrición, licitando neste ano, o concurso de tasación destes inmobles.

DILIXENCIA.-

Para facer constar que as contas anuais do 2016 están integradas por: Balance, Conta de Resultados, Estado da Liquidación do Orzamento e Memoria.

A Coruña, 31 de marzo de 2017

O xerente

 UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Ramón del Valle López